



Concello de Vigo  
Secretaría Xeral

## INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1217/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

### Antecedentes

Con data 12/05/2022, dona [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información pública para a súa posta a disposición dos seguintes documentos:

- *Título urbanístico habilitante para la ejecución de las obras de construcción del vial en la parcela catastral propiedad de ese Concello con referencia catastral 54057A153091160000BM.*
- *Proyecto de ejecución de obras en virtud del cual se haya llevado a cabo la construcción del vial.*
- *Informes jurídicos y técnicos emitidos por los distintos servicios municipales en relación a la construcción del vial.*
- *Título urbanístico habilitante para la demolición del muro de cierre de la parcela con referencia catastral 5408707NG1750N0001RZ, colindante al nuevo vial.*
- *Proyecto de ejecución de obras en virtud del cual se haya llevado a cabo la demolición de dicho muro.*

Con data 06/06/2022 emítese informe pola Oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

### LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Copia do documento - Concello de Vigo 1217-1102	Data impresión: 03/03/2023 09:18	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada consta informe da oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 06/06/2022 no que se fai constar:

"1.- As ditas obras foron autorizadas por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 09/08/2021 (expediente número 106273/421) pola que se outorgou a [REDACTED] licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina na parcela existente na rúa Arquitecto Antonio Cominges no 96, Vigo, segundo o proxecto asinado polo arquitecto Federico Suárez Bermúdez en data 20/10/2020.

Así mesmo, na dita resolución inclúese que: (...) A urbanización ou reposición dos servizos urbanísticos afectados, deberá realizarse de forma simultánea á edificación de acordo coas características constructivas descritas na acta de aliñación e rasante de data 24/01/2020 pertencente ao expediente 15050-411, para o que depositou a modo de garantía, fianza en metálico por importe de 27.971,11€, en data 04/08/2021 con número de operación do servizo de recadación 4369-21. (...) Autorizándose á urbanización e a construción simultáneas, o dereito a edificar subordínase ao cumprimento do deber de urbanizar, de tal forma que non se permitirá a utilización da construción ata que non estea concluída a obra urbanizadora ou sexan repostos os servizo municipais que se viran afectados.

A urbanización realizarase de forma simultánea á edificación de acordo coas características constructivas fixadas no proxecto de obras complementarias presentado,

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:18	Páxina 2 de 4
1217-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

redactado polos arquitectos Alejandro González González, Juan M. Iglesias Portela y Teodoro Francisco Antes, de data 02/03/2021, e informado polo departamento de Urbanización e Infraestruturas en data 15/04/2021. Así mesmo, deberanse cumprir os condicionantes impostos na resolución emitida pola dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en data 23/07/2021, transcritas nos antecedentes desta resolución. (...)"

2.- A documentación relacionada coas ditas obras pode consultarse no seguinte enlace: [http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/licencias/Expte\\_106273\\_421\\_LPD.pdf](http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/licencias/Expte_106273_421_LPD.pdf)

- informes do enxeñeiro civil municipal de datas 10/03/2021, 18/03/2021 e 15/04/2021.
- informe-proposta da técnica de administración xeral de data 06/08/2021.
- resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 09/08/2021.
- documentación técnica: proxecto ordinario de obras de urbanización.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019."

Polo exposto fórmase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por dona [REDACTED] e polo tanto facilitarlle informe emitido pola Oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 06/06/2022, no que figura a ligazón da documentación relacionada coa información que se solicita:

[http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/licencias/Expte\\_106273\\_421\\_LPD.pdf](http://xmu.vigo.org/docs/enlaceExterno/2022/licencias/Expte_106273_421_LPD.pdf)

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente".

rs.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:18	Páxina 3 de 4
1217-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:18	Páxina 4 de 4
1217-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		